A S I S T E N T E S C.I.

C.I.G.

Federico Fernández Fernández
Cándido Pérez Betanzos
Antón García Fernández

CC.OO.

Manuel Velasco Graña
Victoria Alonso Crespo
Aser Fernández Rey
Marcos Estévez Orge (DS)

U.G.T.

Juan José Fernández Pérez

D E L E G A N V O T O

Mª Jesús Losada Rodríguez
Rodrigo Alberte Pivida
Carmen Serra Rodríguez
Carlos Mollinedo Lois

A U S E N T E S C.I.

Arturo Casar Sarasola

ASISTENTES CC.EE.

***DS**- Delegado Sindical

Reunidos nos locais sindicais do Edificio Fundición o día 23 de maio de 2006, ás 11:00 horas en primeira convocatoria e ás 11:30 en segunda, coa seguinte orde do día:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe do Presidente.
3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.
4. Convocatoria para a asignación dos complementos de responsabilidade e singularidade do ATIC. Postura do CI e toma de acordos, se procedera.
5. Convocatoria de Técnico de transferencia de I+D. Designación do representante do CI.
6. Conflicto Unidade de xardinería. Propostas e acordo, se procedera.
7. Situación actual do persoal que desenvolve tarefas de apoio ao campus.
8. Apertura de bibliotecas con persoal alleo ao servizo.
9. Proposta de cursos de formación.
10. Rogos e preguntas

Antes de comezar a reunión o Presidente da conta dos votos delegados que corresponden aos debidamente enviados por Mª Jesús Losada que delega en Federico Fernández, Rodrigo Alberte que delega en Cándido Pérez, e Carmen Serra que delega en Manuel Velasco.

O Presidente propón comezar polo punto 4 ao solicitar unha serie de compañeiros e compañeiras dos servizos informáticos poder estar presentes durante o debate. A proposta é aceptada [A redacción da acta segue a orde do día tal e como estaba fixada].

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta da reunión anterior.

As actas (desta vez proponse aprobar dúas actas: a do 5 de abril e a extraordinaria do 24 do mesmo mes) foron enviadas con antelación a todos os membros do CI. Tras aceptar algunhas correccións, apróbanse por unanimidade.

2. Informe do Presidente.

- Da convocatoria dunha Comisión Permanente na que se acordou colaborar coa xerencia (RR HH) para a elaboración da continuación da lista de agarda de auxiliares administrativos e, así mesmo, da proposta do proceso de promoción interna para o acceso á categoría de técnico especialista de laboratorio dos oficiais de laboratorio, categoría que neste momento está declarada a extinguir.
- Da reunión das comisións de acción social e emprego.
- Da xornada de semana santa.
- Da normativa de horario de verán e vacacións.
- Das invitacións recibidas da Área de deporte e saúde e da F. de Ciencias sociais.
- Da excedencia solicitada por Carmen Prieto Tomás.

- De distintos traslados e cambios de quenda realizados neste período.

3. Informe dos representantes do Comité Intercentros nas distintas Comisións.

- **Comisión de Acción Social.**

Victoria e Federico dan conta das reunións desta comisión que se celebraron nas últimas semanas e nas que se trataron asuntos relacionados con peticións de anticipos e coa convocatoria da acción social do ano 2005.

- **Comisión de selección Técnico especialista de belas artes**

Aser Fernández, da conta que para a selección deste técnico realizouse unha entrevista que non se valorou e que non se solicitou de oficio a antigüidade dos participantes.

- **Comisión de emprego.**

Na última comisión de emprego a xerencia pasou unha listaxe coas últimas contratacións. Entre os acordos tomados destaca o acordo de que o método empregado para ampliar a lista de agarda de auxiliares administrativos (suspensos no 1º exame e con experiencia na universidade) se estenda ao resto de categorías.
O Pleno acorda solicitar as listas de agarda de todas as categorías.

4. Convocatoria para a asignación dos complementos de responsabilidade e singularidade do ATIC. Postura do CI e toma de acordos, se procedera.

Neste punto asisten e participan no debate un grupo de traballadores do ATIC. Tras o intercambio de pareceres o Pleno chegou, por asentimento ao seguinte acordo: "instar á xerencia a que todas as prazas de TSTIC teñan asociada unha responsabilidade de dirección ou área e que todas as prazas de TETIC se correspondan con postos singularizados".

5. Convocatoria de Técnico de transferencia de I+D. Designación do representante do CI.

Acordase designar como representante titular a Marcos Estévez e a Cándido Pérez como suplente.

6. Conflicto da Unidade de xardinería. Propostas e acordo, se procedera.

Cándido Pérez da conta de que Federico Fernández foi testemuña da reunión mantida entre Piedade Rosende e Ignacio Munilla na que este lle deu conta verbalmente das súas novas funcións. Tamén informa da reunión que mantivo, xunto con Manuel Velasco, co xerente na que Manolo Castro ao tempo que recoñecía que se está a dar unha degradación nas funcións, comunicaba que se ía reunir co director da OMA nun prazo breve.
Federico, comenta que estando presente durante a comunicación por parte do director da OMA das novas funcións a Piedade este lle preguntou se cría que tiña que estar aí.

Marcos Estévez, sinala que o director é un cargo político que está a modificar as condición laborais dos traballadores da área de xardinería.

7. Situación actual do persoal que desenvolve tarefas de apoio aos campus.

Aser Fernández, da conta de que tras reunirse con persoal que realiza este tipo de funcións lle consta que hai traballadores que o mesmo día teñen que traballar en dous centros distintos e tamén que se lles chama a casa para asignarlles o destino dese día. Pregunta, así mesmo, quen coordina ao persoal de conserxería e remata a súa intervención asegurando que os problemas que se dan son de carácter organizativo.

8. Apertura de bibliotecas con persoal alleo ao servizo.

Se da conta de que no Campus de Ourense hai persoal de conserxería destinado a apoiar ao campus que ten a obriga de realizar a apertura da biblioteca o fin de semana. Tamén afirmase que tiña que ser a dirección da biblioteca a que tiña que realizar a esculca para coñecer se hai persoal fixo para abrir as bibliotecas.

9. Propostas de cursos de formación.

Coméntase unha proposta de cursos de formación na que se inclúen cursos como: mantemento de maquinaria e equipas de baixa tensión, soldadura TIG homologación 1G, configuración de equipas, protección ante arex e ameaza de bomba... Esta proposta de cursos levarase a próxima reunión da Comisión de formación

10. Rogos e preguntas.

- Aser, roga que a empresa prevea as novas situacións que se dan na planificación das vacacións por mor da aplicación de nova normativa de conciliación familiar. Asegura que o beneficio duns compañeiros/as non pode causar prexuízos a outros.
- Manuel Velasco, informa de que recibiu un correo no que unha traballadora amosaba o seu abraio porque a outra compañeira da tarde se lle permitira mudar de quenda os venres.
- Marcos Estévez, solicita que o servizo de enfermería abra tamén pola tarde.

Acordos:

- Solicitar as listas de agarda para todas as categorías.
- Enviar un escrito á xerencia do acordo tomado no punto 4.
- Nomear a Marcos Estévez, como titula, e a Cándido Pérez, como suplente, na comisión de selección dun técnico de transferencia de I+D+i

Fdo: Manuel Velasco Graña
(Secretario)

VºBº: Cándido Pérez Betanzos
(Presidente)